

**EXTRACTO DOS ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE  
GOBERNO LOCAL DE 13 DE ABRIL DE 2015.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.  
D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.  
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚM. 12 DE 16 DE MARZO DE 2015, NÚM. 13 DE 19 DE MARZO DE 2015, NÚM. 14 DE 27 DE MARZO DE 2015, NÚM. 15 DE 1 DE ABRIL DE 2015 E NÚM. 16 DE 7 DE ABRIL DE 2015.**

Acordouse aprobar as actas núms. 12/2015 de 16 de marzo de 2015, 13/2015 de 19 de marzo de 2015, 14/2015 de 27 de marzo de 2015, 15/2015 de 1 de abril de 2015 e 16/2015 de 7 de abril de 2015, das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE, para o**



Secretaría Xeral

**exercicio da actividade consistente en venda e elaboración artesanal de licores na rúa B, 45, baixo, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 09/04/15 por importe de 130 euros en concepto de taxa por licenza de 1ª ocupación.**

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**3.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE, para despacho profesional doméstico (despacho de avogado) na rúa A Habana, 15, 1º I, Lalín.**

### **4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE.**

**4.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE, respecto da actividade de comercio ao por menor de prendas de vestir na Praza da Igrexa, 5, baixo, Lalín.**

### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**5.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN”, dividido en tres lotes segundo zonas de actuación: Lote 1. Zona 1, Lote 2. Zona 2 e Lote 3. Zona 3, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 39.872,11 € (IVE incluído) para o Lote 1, 38.839,15 € (IVE incluído) para o Lote 2 e 41.288,74 € (IVE incluído) para o Lote 3, e un prazo máximo de execución dun (1) ano prorrogable por un ano máis.**

**5.2.- Acordouse concederlle á empresa UTE PLANTADEZA, S.L-XARDÍN DEZA, S.L, adxudicataria do procedemento de contratación administrativa denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN” unha prórroga do contrato por un ano máis, dende o día 15 de abril de 2015 ata o día 14 de abril de 2016.**

**5.3.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra “DESBROCES EN LA RED VIARIA EN LAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE ANZO, LOSÓN, VILATUXE Y OTROS” presentados pola empresa Fertaf Obras y Servicios, S.L.**

**5.4.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra “REHABILITACIÓN DE DOS PISTAS DE TENIS NA RÚA DO PARQUE-**



Secretaría Xeral

**LALÍN**” presentados pola empresa **Galitec Desarrollos Tecnologicos, S.L.**

## **6.- EXPEDIENTE DE CONSTITUCIÓN DE SERVIDUMBRE.**

**6.1.-** Acordouse **constituír unha servidume de carácter voluntario e gratuído** de acueduto na parcela coñecida como lavadeiro municipal, a cal contribuirá a solucionar os problemas de desbordamento na rede municipal de sumidoiros existentes na rúa Areal mediante a conexión da mesma cos colectores municipais de sumidoiros existentes nas marxes do regato do Pontañas.

## **7.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**7.1.-** Acordouse **estimar parcialmente** a reclamación por responsabilidade patrimonial presentada por persoa interesada e recoñecer a obriga por importe de 1.216,19 euros en concepto de indemnización para atender o prexuízo económico, e estimar parcialmente as alegacións presentadas por MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS, Cía. de Seguros y Reaseguros, S.A, por figurar como exclusións na Póliza do seguro de responsabilidade civil contratado polo concello o ámbito territorial e o tipo de danos indemnizables obxecto da reclamación.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

**8.1.-** Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **43.883,36 €**.

## **9.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**9.1.-** Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 1 e final** da obra **“MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA EN VILATUXE, SANTISO, DOADE, ABELEDA E FILGUEIROA”** presentada pola entidade **ELECTRICIDAD FEMÁN, S.L.**, redactada polo Director de obra D. Ignacio Miguelez Penas, Enxeñeiro Técnico Industrial, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **21.180,20 €**. **Así mesmo apróbase a acta de recepción.**

**9.2.-** Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 2 e final** da obra **“ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO EDIFICIO DA ANTIGA BIBLIOTECA MUNICIPAL”** presentada pola entidade **AREÁN DEL DEZA S.L.** redactada polo Director de obra D. Antonio Bernárdez Nogueira, Arquitecto Técnico Municipal, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **16.048,54 €**. Así mesmo



Secretaría Xeral

apróbbase a acta de recepción.

**9.3.-** Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 2 e final** da obra **“PRESERVACIÓN DOS HÁBITATS OU ECOSISTEMAS NATURAIS MEDIANTE A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DE SEBES E PRESERVACIÓN DE CULTIVOS NA REDE NATURA”** presentada pola entidade **XARDÍN DEZA S.L.** redactada polo Director de obra D. Francisco Guerra García, Enxeñeiro Técnico Municipal, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **8.298,52 €**. Así mesmo apróbbase a acta de recepción.

**9.4.-** Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 4 e final** da obra **“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZAN E OUTROS”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.** redactada polo Director de obra D. José Varela Calvo, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **239.291,91 €**. Así mesmo apróbbase a acta de recepción.

**9.5.-** Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 2 e final** da obra **“ABASTECIMIENTO A PUXALLOS E MELLORA DA REDE VIARIA EN MADRIÑÁN E SANTISO”** presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.L.** redactada polo Director de obra D. José Varela Calvo, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **43.495,57 €**. Así mesmo apróbbase a acta de recepción.

**9.6.-** Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 1 e final** da obra **“PECHE EN EDIFICIO SEN REMATAR NO SUE-4”**, (Procedemento de orde de execución exp. **15/01/OE**), presentada pola entidade **ALBARIZA, S.L.** redactada polo Director de obra D. Antonio Bernárdez Nogueira, Arquitecto Técnico Municipal, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **6.132,87 €**.

## **10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**10.1.-** Acordouse recoñecer a obriga por importe de **15,37 €** (IVE incluído) a favor de Unión Fenosa Distribución, S.A., en concepto de traballos de reforzo, adecuación, adaptación ou reforma das instalacións da rede de distribución existente en servizo, necesarios para incorporar as novas instalacións no lugar de Mouriscade-Vilanova.

**10.2.-** Acordouse aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación de enfermos de alzhéimer e outras demencias da provincia de Pontevedra, para o desenvolvemento deste



Secretaría Xeral

programa, asumindo os compromisos e obrigas estipuladas nas cláusulas do mesmo.

**10.3.-** Acordouse aprobar a colaboración e apoio para o desenvolvemento da actividade educativa denominada BIG CIENCIA, a desenvolver o día 18 de abril de 2015, na Praza da Igrexa de Lalín en horario de 21:30 a 00:30 horas; permitir instalar unha “jaima” de 5 x 5 metros sen anclaxes na mesma praza, e proxectar a actividade sobre a fachada da Igrexa de Nosa Señora das Dores; e permitir apagar as luces nesa zona para visionar a proxección da actividade sobre a fachada da Igrexa de Nosa Señora das Dores entre as 21:30 a 00:30 horas do día 18 de abril de 2015.

**10.4.-** Acordouse a **renovación** da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 01/2014, por ter recoñecida discapacidade con carácter definitivo.

## **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**11.1.-** Acordouse conceder autorización municipal ao Partido Popular de Lalín para utilizar as instalacións municipais “Pazo de Liñares” para unha sesión fotográfica e posterior rolda de prensa o día 18 de abril de 2015 pola mañá.

**11.2.-** Acordouse conceder autorización municipal ao Xefe dos Servizos Veterinarios de Saúde Pública da Zona de Lalín para a utilización dun aula do edificio da UNED, os mércores e sábados en horario de mañá, para charlas para a preparación das oposicións para cubrir prazas do corpo de veterinarios oficiais da Xunta de Galicia e do Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra.

**11.3.-** Acordouse nomear a D<sup>a</sup>. María Álvarez Paz, como representante do Concello de Lalín a efectos da constitución da Comisión de Escolarización.

**11.4.-** Acordouse conceder autorización a BUILDINGCENTER S.A.U para consultar o expediente municipal do edificio sito na rúa da Ponte, núms, 20, 22 e 24 esquina viario Norte-Sur, esquina rúa dos Xazmíns, a efectos de realizar un informe sobre o estado da situación administrativa.

**11.5.-** Acordouse conceder autorización para pernoctar en Lalín a un grupo 65 persoas (alumnos e profesores) dos colexios de Escolapias de Córdoba (Santa Victoria, Calasancio y San José de Cabra) o día 4 de xullo de 2015.

=====

